

## **BASES PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE MONFORTE TEMPADA 2023 - 2024**

### **1. OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é regular o procedemento mediante concorrencia competitiva, de axudas económicas a deportistas individuais do Concello de Monforte de Lemos que, como mínimo, teñan participado no campionato de España, campionato de Europa ou campionato do mundo propio da modalidade deportiva durante o período obxecto da presente convocatoria.

Terán a consideración de deporte de carácter individual todos aqueles deportes que, segundo a súa regulamentación, son practicados de xeito individual. En todo caso, non se considerarán participacións individuais os relevos nin as probas coordinadas ou sincronizadas nas que actúe simultaneamente máis dun integrante do mesmo equipo.

### **2. ÁMBITO TEMPORAL DE APLICACIÓN**

As persoas solicitantes poderán presentar, no marco desta convocatoria, os méritos deportivos conseguidos entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024.

### **3. PERSOAS BENEFICIARIAS**

Poderán beneficiarse desta convocatoria os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que estean empadroados/as no Concello de Monforte de Lemos dentro do prazo de presentación de solicitudes e, como mínimo, dende o 1 de outubro de 2023.
2. Estar federados nalgunha das federacións deportivas galegas ou españolas no período para o que se solicita a axuda, é dicir, entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, e que como mínimo participaran no campionato de España, campionato de Europa ou campionato do mundo propio da modalidade deportiva.
3. Ter participado, como mínimo, en tres probas ou campionatos de carácter oficial, dos cales un deles ten que ser o campionato de España, campionato de Europa ou campionato do mundo propio da modalidade deportiva.
4. Estar ó corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estar ó corrente das obrigas coa Seguridade Social e co Concello de Monforte.
5. Que non estean incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas e non estar incurso/as nalgunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei.

#### **4. CRÉDITO ORZAMENTARIO QUE SE ASIGNA E IMPORTE MÁXIMO DAS AXUDAS QUE SE CONVOCAN**

O Concello de Monforte de Lemos destinará a esta convocatoria un crédito total de 10.000 euros que se imputará á aplicación 341.480.01, do vixente orzamento municipal.

O importe máximo da bolsa que se outorgará a cada un dos posibles beneficiarios será de 600,00 euros.

#### **5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR**

As instancias para participar no procedemento atópanse a disposición dos/as interesados/as na páxina web municipal [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de Monforte ou, se é o caso, nos rexistros e oficinas a que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de novembro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de 10 días hábiles dende a publicación da convocatoria no BOP.

A documentación que se debe presentar é a seguinte:

1. Modelo de solicitude anexo I.
2. Fotocopia do DNI da persoa solicitante. No caso de ser menor de idade DNI do pai, nai ou titor/a e libro de familia.
3. Certificado de empadramento da persoa solicitante no caso de que non autorice a súa comprobación por parte do Concello de Monforte.
4. Certificado do número da conta bancaria a nome do/a deportista, ou do pai, nai, titor/a en caso de que o/a deportista non posúa conta bancaria.
5. Declaración doutras axudas e subvencións para a mesma finalidade, declaración de atoparse ó corrente das obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica, coa Seguridade Social e co Concello de Monforte, e declaración de que o/a deportista non está incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario/a da subvención conforme ó disposto na lei 38/2003 Xeral de Subvencións. Anexo II
6. Certificación expedida pola federación correspondente, dos resultados obtidos pola persoa solicitante no período comprendido entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024 así como da posesión de licenza federativa no período obxecto da convocatoria e, de ser o caso, da convocatoria por parte da selección galega e/ou nacional.

O certificado federativo deberá axustarse ó modelo establecido anexo III e deberá reflectir todos os datos que se solicitan.

Estas axudas serán compatibles coas concedidas por outras administracións ou entidades privadas.

## 6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os resultados obxecto de valoración deberán cingirse exclusivamente á modalidade deportiva para a que se solicita a axuda, na que o/a deportista teña a correspondente licenza federativa. Valorarase a participación en campionatos oficiais no período que vai entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, así como a convocatoria por parte da selección galega e/ou estatal nese mesmo período (á hora de facer a valoración terase en conta a convocatoria coa selección de máis nivel).

Á hora de realizar a valoración teranse en conta os tres mellores resultados conseguidos en competicións oficiais segundo a táboa de valoración establecida, así como a convocatoria no período pola selección galega ou estatal. Enténdese por competicións oficiais as consideradas como tal pola Federación Deportiva correspondente ou pola Administración deportiva dentro do seu ámbito de competencias.

POSTO	Campionato do mundo	Campionato de Europa	Campionato de España	Campionato Galego	Probas estatais ou internacionais de carácter oficial	Ser convocado coa Selección Española	Ser convocado coa Selección Galega
1º	25	20	15	10	5	15	7,5
2º	24	19	14	9	4,5		
3º	23	18	13	8	4		
4º	22	17	12	7	3,5		
5º	21	16	11	6	3		
6º	20	15	10	5	2,5		
7º	19	14	9	4	2		
8º	18	13	8	3	1,5		
9º	17	12	7	2	1		
10º	16	11	6	1	-		
Participación a partir do undécimo posto	15	10	5	-	-		
Probas Olímpicas ou paralímpicas*	5						

\*Segundo os datos publicados polo Consello Superior de Deportes.

IDADE DO/DA DEPORTISTA	
Ano de nacemento	Puntuación
2000 e anteriores	15
2001 – 2002	12
2003 – 2004	9
2005 – 2006	6
2007 e posteriores	3

A puntuación por proba olímpica ou paralímpica concederáse no caso de que un dos tres mellores resultados a valorar sexa nunha proba olímpica ou paralímpica.

A puntuación obtida determinará o importe total da bolsa que se outorgará segundo o seguinte criterio de reparto: o importe do crédito total asignado a esta convocatoria (10.000 euros) dividirase entre a suma do total de puntos asignados na valoración das persoas solicitantes, de cuxo cálculo se obterá o valor de cada punto. O importe da bolsa será o resultado de multiplicar, para cada solicitante, os puntos obtidos na valoración polo valor do punto, ata un máximo de 600,00 €.

No caso de que o número de solicitudes supoña que, á hora de facer o cálculo, o importe a percibir por parte dos beneficiarios sexa superior ó límite establecido (600,00 €), a forma de reparto será a seguinte: ó/á deportista con maior puntuación concederánselle 600,00 € (cantidade límite establecida por beneficiario) e ó resto de deportistas concederánselle a cantidade proporcional en relación á puntuación conseguida segundo os criterios de valoración.

## **7. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN**

A instrución do procedemento corresponderalle á Concellería de Deportes do Concello de Monforte que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución de acordo co informe de valoración emitido pola Comisión de valoración.

Conforme ao establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, crearase unha comisión de valoración que será o órgano colexiado encargado de realizar a selección das solicitudes e de emitir o correspondente informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada no caso daquelas susceptibles de someterse a un réxime de concorrencia competitiva, indicando a puntuación e a axuda aplicable en cada caso. A comisión de valoración estará formada por:

- Presidente: Concelleiro de Deportes
- Vogais: Técnico Municipal de Deportes
- Secretario/a, con voz pero sen voto: representante do servizo de intervención municipal.

En caso de ausencia dalgún membro da comisión de valoración, este será substituído pola persoa designada polo presidente.

A Comisión, logo de avaliadas as solicitudes, á vista da dispoñibilidade orzamentaria e de acordo cos criterios de valoración previstos na convocatoria, realizará un informe no que se concretará o resultado da valoración efectuada, a relación dos/as solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no caso das excluídas, o motivo de exclusión.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, elevará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver. A proposta de resolución deberá expresar a relación de solicitantes aos que se propón conceder a subvención con especificación da contía da bolsa proposta para cada un deles, especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración e de ser o caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento.

A resolución será motivada e conterá, ademais do solicitante ou relación de solicitantes aos que se lles concede a bolsa, a desestimación do resto das solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas.

O prazo máximo para resolver e notificar ós interesados a resolución do procedemento será ata o 31 de decembro de 2024. Transcorrido este prazo sen que os interesados obteñan resposta expresa á súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

#### **8. OBRIGAS DOS/DAS BEFEFICIARIOS/AS:**

- a. Responder ante o Concello de Monforte da veracidade dos datos achegados na solicitude.
- b. Facilitar a información que lles sexa requirida polo Concello de Monforte no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das referidas bolsas.
- c. Atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica así como coa Seguridade Social e co Concello de Monforte.
- d. Comunicar ó Concello de Monforte a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien o mesmo proxecto.
- e. Lucir o logotipo do Excmo. Concello de Monforte na súa indumentaria ou en calquera outro elemento susceptible de portar imaxe.
- f. A percepción destas bolsas atópase suxeita á Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, sen que se atope en suposto de exención.

## **9. PAGO DAS BOLSAS**

Unha vez resolto o procedemento por parte da Xunta de Goberno Local, o pago da bolsa a cada unha das persoas beneficiarias realizarase mediante transferencia bancaria á conta indicada na solicitude.

## **10. RECURSOS**

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro da presente convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, perante Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

## **11. RÉXIME XURÍDICO**

De conformidade coa disposición adicional quinta da Lei Xeral de Subvencións, o réxime xurídico será conforme, no que resulte aplicable, á Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e demais normas concordantes.

## ANEXO I (SOLICITUDE)

### DATOS DO/DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS			
DATA DE NACEMENTO			
DNI NÚMERO			
ESPECIALIDADE DEPORTIVA			
FEDERACIÓN			
AUTORIZA A CONSULTA DOS SEUS DATOS NO PADRÓN MUNICIPAL:	<input type="checkbox"/>	SI	<input type="checkbox"/>

### ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE COMUNICACIÓN

RÚA/PRAZA:	Nº:	PISO:
CP	LOCALIDADE:	
CONCELLO:	PROVINCIA:	
TELÉFONOS:		
CORREO ELÉCTRICO:		

### DATOS DO TITOR/A

(No caso de que o/a solicitante sexa menor de idade)

NOME E APELIDOS	
D.N.I. NÚMERO	

### ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE COMUNICACIÓN

(Cubrir no caso de que sexa diferente aos do/da solicitante)

RÚA/PRAZA:	Nº:	PISO:
C.P.	LOCALIDADE:	
CONCELLO:	PROVINCIA:	
TELÉFONOS:		
CORREO ELÉCTRICO:		

### EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria de bolsas a deportistas individuais do Concello de Monforte tempada 2023 – 2024.

Que reunidas as condicións establecidas para poder participar na convocatoria

### SOLICITA:

A concesión dunha bolsa pola participación en campionatos deportivos de carácter oficial na especialidade deportiva de \_\_\_\_\_, durante a tempada 2023 – 2024.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asdo. O interesado/a

Asdo. O titor/a

**ANEXO II**  
**DECLARACIÓN XURADA**

**O/A interesado/a**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

**O/A titor/a no caso de ser preciso**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

**DECLARA BAIXO XURAMENTO QUE:**

1. Son beneficiario/a doutra/s axuda/s por parte de entes públicos ou privados para o mesmo proxecto ou actividade:

Non percibo outra axuda para o mesmo proxecto ou actividade

Percibo axuda/s para o mesmo proxecto ou actividade por importe de \_\_\_\_\_

2. Que non teño débedas coa Facenda Estatal e Autonómica así como coa Seguridade Social e o Concello de Monforte.

3. Que non me atopo en ningún dos supostos que impiden obtela condición de beneficiario de subvencións por parte das Administracións Públicas recollidos no art. 13 da lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asdo. O interesado/a

Asdo. O titor/a



**ANEXO III**

**CERTIFICADO FEDERATIVO BOLSAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE MONFORTE TEMPADA 2023 – 2024**

<b>DATOS DA FEDERACIÓN</b>	
Nome:	CIF.
Teléfono:	Correo electrónico:

<b>DATOS DO SECRETARIO/A:</b>	
Nome e apelidos:	DNI.
Teléfono:	Correo electrónico:

<b>DATOS DO/A DEPORTISTA:</b>			
Nome e apelidos:	DNI.		
Licenza Federativa entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024:	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	Club:

**RESULTADOS DO/DA DEPORTISTA EN CAMPIONATOS OFICIAIS CELEBRADOS ENTRE O 1 DE OUTUBRO DE 2023 E O 30 DE SETEMBRO DE 2024** (Máximo 6 mellores resultados tendo en conta a táboa de baremación publicada nas bases da convocatoria. Ao establecer o baremo teranse en conta os tres mellores resultados).

NOME DO CAMPIONATO (Do mundo, de Europa, de España, etc.)	DATA	LUGAR	ÁMBITO XEOGRÁFICO (Internacional, Nacional, Autonómico, etc)	MODALIDADE/ESPECIALIDADE DEPORTIVA INDIVIDUAL	POSTO NA CLASIFICACIÓN FINAL INDIVIDUAL DO CAMPIONATO	ESPECIALIDADE OLÍMPICA SI/NON

**O/A DEPORTISTA FOI SELECCIONADO POLA SELECCIÓN GALEGA OU ESTATAL ENTRE O 1 DE OUTUBRO DE 2023 E O 30 DE SETEMBRO DE 2024 PARA PARTICIPAR NOS SEGUINTE CAMPIONATOS:**

NOME DO CAMPIONATO PARA O QUE FOI SELECCIONADO	DATA	LUGAR	SELECCIÓN (galega ou estatal)	MODALIDADE/ESPECIALIDADE DEPORTIVA INDIVIDUAL

E para que conste ós efectos oportunos declaro que son certos todos os datos que figuran no presente certificado que asino co visto e prace do presidente en \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asdo. O Secretario

Vº Prace  
Asdo. O Presidente